

PROBA ESCRITA
LINGUA GALEGA E LITERATURA (1ª AV. - I)
2º ESO – 09/11/2020

Nome e apelidos: _____

1. Escribe, por orde, unha **palabra que empece por cada letra do alfabeto** galego (no caso do ñ, escribe unha palabra que o conteña): [1,25 pts.]

2. Indica se as seguintes afirmacións son **verdadeiras (V) ou falsas (F)**. [2 pts]
No caso de ser falsas, **xustifica por que**.

- a) No mundo hai máis linguas que estados.
- b) O español ten máis falantes nativos que o inglés.
- c) As linguas minorizadas son aquelas que teñen poucos falantes.
- d) O italiano é unha das dez linguas máis faladas do mundo.
- e) O aragonés é unha das linguas que se falan na Península Ibérica.
- f) O portugués tamén se fala en países de África e de Asia.
- g) O galego é unha lingua hexemónica.
- h) No Estado español o único idioma oficial é o español.

3. Indica a que **xénero literario** pertence cada un destes textos e **xustifica por que**: [1 pto.]

Teño no corazón
un vello retrovisor
que nunca me avisa.

Lupe Gómez

LELA: Vostede... vostede... é un home de moito mérito... Con moita calva, esa é a verdade.

O BOTICARIO (*Pasando a man pola cabeza*): Non fagas caso. Todo isto é testa.

Afonso Daniel Rodríguez Castelao

4. Escribe a **palabra** que corresponde con cada unha destas **definicións**: [0,75 pts.]

- a) Inclinação ou gusto por unha actividade.
- b) Nome que se lle dá coloquialmente a unha persoa en lugar do seu propio.
- c) Conxunto de versos ou verso que, nalgúñas composicións poéticas, se repite despois de cada unha das estrofas

5. Divide en sílabas as seguintes palabras e **rodea** a súa **sílaba tónica**: [0,75 pts.]

ouro

moa

país

feira

xeniais

6. Subliña os ditongos (D), tritongos (T) e hiatos (H) que haxa nas palabras do exercicio anterior. [0,75 ptos.]

7. Sinala a vogal tónica das seguintes palabras e indica en cada caso se é aberta (A) ou pechada (P): [1 pto.]

porco mesa póla mozo présa vento oso medo morte mono

8. Pon acento cando sexa necesario: [1 pto.]

- Ela e moi lista.
- Esta casa esta pechada.
- Non quero mais cafe.
- Rematou e foi para a sua casa.

9. Escribe o termo correcto para referirnos en **galego** aos seguintes animais: [1,5 ptos.]

nutria >	zorro >	salamandra >	jabalí >	paloma >
gaviota >	golondrina >	urraca >	gorrión >	renacuajo >